

TERRA DE OUTES

Revista da A.C.C. Terra de Outes

Nº3 - Xullo 2008

1€



Neste número:

A morte de Maximino Martínez

Entrevista con Marcos Romero

Mórreos de San Lourenzo (II)

Cartas Forais de Vara (II)

e as nosas seccións habituais...



Editorial: O Proxecto PX.OM. de Outes

O urbanismo, que pola súa propia definición ten por finalidade a organización do poboamento dun espazo e, xa que logo, a redacción e aprobación dun conxunto de normas que determinan a creación e o funcionamento de vilas e cidades (edificios, dotación de servizos, vías de comunicación, etc.), é competencia das distintas administracións públicas, cada unha a teor do seu propio ámbito competencial.

Esa competencia normativa pública, do mesmo xeito que outras de carácter semellante, debe estar subordinada sempre ao respecto dos dereitos dos cidadáns e ao interese xeral e, en consecuencia, a racionalidade na redacción dun planeamento debe constituír o principio rector que o inspire e, asemade, impida toda arbitrariedade.

A arbitrariedade no ámbito do urbanismo sitúase sempre en fronte do uso racional do solo, do desenvolvemento urbano e territorial sustentábel, do respecto ao medio ambiente e dos lexítimos valores patrimoniais, sexan estes particulares ou mesmo públicos.

Un proxecto de planeamento coma o de Outes, que no seu curto período de exposición á veciñanza colleitou tan numerosa cantidade de alegacións avaladas e sustentadas por máis de 2.200 sinaturas e orixinou xuntanzas tan tensas e nunca vistas na terra de Outes, debe motivar unha meticulosa e racional análise por parte da corporación municipal e en especial polo maioritario grupo gobernante que conleve modificacións substanciais no seu contido e mesmo o seu total rexeitamento.

Cando un proxecto de planeamento coma o de Outes contén tan importantes contradicións, prexudica a tantos veciños e prevé destinar a polígono industrial un amplo espazo agrario situado nas inmediacións do núcleo urbano d'A Serra xa previamente ordenado por un aínda recente plan de concentración parcelario con importantes e nada desprezábais custos tanto para particulares coma para os propios poderes públicos baseándose na falacia, mantelo significa un grave desatino e ir en contra do interese xeral e dos lexítimos dereitos dos veciños.

As veciñas e os veciños de Outes deben ter presente que os únicos responsábeis desta normativa desaforada, deste despropósito, son en primeiro grao o alcalde e logo o grupo ou grupos políticos con presenza corporativa que o apoian. E ningún máis?

ÍNDICE

As nosas novas	pax. 2 e 3
Historia	pax. 4 e 5
Maximino Martínez	pax. 6 e 7
Miscelánea	pax. 8 e 9
Entrevista	pax. 10 e 11
Medioambiente	pax. 12 e 13
Páxinas literarias	pax. 14 e 15
Etnografía	pax. 16 e 17
Foto antiga	pax. 18
Os papeis de Añón	pax. 19 e 20
Interior	Suplemento de Turismo

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco**Foto da Portada:**A fotografía da portada foi tomada na Serra
á caravana de vehículos que se organizou
nunha das festas do S. Cristobo dos anos sesenta .**Maqueta e imprime:**

Grafinioia, S.L.

Fe de erratas

Por error, o artigo que levaba por título *A xente do mar*, publicado no nº 2 da revista Terra de Outes e aparecía como da autoría de Xesús do Río, en realidade, debería ir asinado por **Fran-Kado**.

Da mesma forma, a fotografía que no artigo *Podemos salvar a ría?* (I) do mesmo número levaba como autora a Noelia Abelleira, no seu lugar, debería levar a **Marián Romero**.

Por último, os artigos tamén aparecidos na mesma revista *Río Tins* e *Recordos da infancia*, asinados por Deolinda Molinos deben ir asinados por **Deolinda Gómez Molinos**.

Salón:

EMAIN
Perruqueiros

Forme-Mul'ier

Rúa Brasil, 8 (Baixo)

Tel. 981 82 40 14

15200 NOIA (A Coruña)

Correo electrónico: emainsalon@mbxmail.com

Xornadas en memoria de Francisco Añón

Con ocasión do 130 aniversario da morte do noso máis insigne poeta, a A.C.C. Terra de Outes organizou unha serie de actos de homenaxe que comezaron o día 14 de abril, na Casa da Cultura da Serra, coa inauguración de dúas exposicións: unha composta por unha serie de paneis nos que se recordaba a súa vida e obra, e outra de debuxos e pinturas realizados por escolares do concello participantes nun certame de ilustracións dedicadas ao poeta, convocado pola nosa asociación. Esta primeira xornada rematou cunha charla sobre "Outes na época de Añón", que impartiu o profesor Xoán X. Mariño.

Na segunda xornada, martes, 15 de abril, disertouse sobre "O humor na poesía de Añón" e "Añón e a masonería europea". O mércores 16 fixéronse senllas achegas aos seus escritos: "As diferentes edicións da obra de Añón" e "A poesía de Añón: estudo crítico". "Galicia na época de Añón" e "Valor e valores de Añón e a súa obra" foron as conferencias pronunciadas na xornada do 17 de abril. Despois da presentación do nº 2 da nosa revista, así como do suplemento que inclúe dedicado a Añón, o venres 18 completouse o ciclo de ponencias coa titulada "Añón na orixe do Rexurdimento".

Os actos aínda continuaron na fin de semana, pois o sábado 19 puidemos asistir a unha lectura dos seus poemas por parte dos alumnos do CEIP da Serra de Outes, CEIP Emilio Navasqués do Cruceiro de Roo e IES Francisco Añón de Outes. Ese mesmo día comunicouse o fallo do xurado do concurso de debuxo aos alumnos participantes. Estaba previsto mais non se puido levar a cabo, por mor do mal tempo, o roteiro literario "Polas terras de Añón".

O domingo, 20 de abril, cabodano do poeta, conmemorouse cunha ofrenda floral diante do seu monumento, á que seguiu a clausura desta intensa semana cultural, cunha actuación musical e coa entrega dos premios aos galardoados no certame de debuxo.

Temos intención de que estas xornadas de homenaxe ao escritor teñan continuidade de cara á efeméride do segundo centenario do seu nacemento, que terá lugar no ano 2012.



Exposición de Agrelo

Con ocasión da celebración das Letras Galegas, desde o día 10 ata o 24 de maio, a Asociación Terra de Outes colocou na Casa da Cultura da Serra, unha exposición de homenaxe ao mestre, escritor e autor e director de teatro Xosé Agrelo Hermo formada por material fotográfico reunido por quen fora seu amigo e colaborador Francisco Abeijón, quen acudiu, xunto co presidente desta Asociación Xoán X. Mariño, á inauguración da mostra. Para a ocasión reeditouse un folleto, da autoría do escritor Ramón Carredano sobre a actividade cultural de Pepe Agrelo, que xa fora publicado no 2007 con motivo da homenaxe que Terra de Outes lle rendera no cabodano do seu falecemento.



Próximos actos. Monumento ás vítimas do franquismo

O próximo 17 de agosto, Día de Galicia Mártir, na Coviña, (O Freixo), lugar no que foi asesinado o deputado republicano Luis Barrena, será inaugurado o monumento que a Asociación Terra de Outes vai erguer naquel punto en recordo ás vítimas do franquismo de Muros e Outes, en particular aos sindicalistas outenses Cipriano del Río e Maximino Martínez, fusilados en Boisaca e na Fonsagrada, respectivamente, por defender a legalidade republicana que naquel momento representaba o seu ideal de liberdade e igualdade.

Neste acto dirixiranse ós asistentes o alcalde de Outes, un representante da Consellería de Cultura, o presidente desta asociación e descendentes dos homenaxeados.

Cartas Forais dos Lugares e Couto de Vara en San Cosme de Outeiro (II)

Mingucho Campos

O día 15 de outubro do ano 1594 tiña lugar o cabiduo dos freires do mosteiro de Sobrado so a presidencia de frei Lope de León, abade daquel mosteiro e do de Toxosoutos, o seu anexo, coa asistencia dos monxes: Ángel de Cartagena (prior), Simón Coello, Basilio de Bausa, Rafael de la Fuente, Gabriel de la Torre, Leonardo de León, Juan Collado, Miguel Guerra, Atanasio Martínez, Dionisio Matrayn, Ambrosio Hernández, Benito Hernández, Martín de Segura, Tomás de Gormaz, Juan Santiago, Atanasio Maldonado, Alonso Iglesias, Bernardino Gil, Diego de Grana, Esteban Román, Miguel Velázquez, Gregorio Abad, Máximo Martínez, Andrés Marín, Alonso Pérez e Sebastián Estévez. O obxecto daquel cabiduo era o outorgamento dunha carta de poder e procuración ao prior do mosteiro de san Xusto de Toxosoutos, frei Dionisio Pérez Tudelano, para que en representación dos devanditos frades e mosteiro puidera concluílo concerto con don Fernando de Caamaño e Sotomayor sobre os lugares de Rates e Vara, facultándoo para a súa validación co **c o m p r o m i s o** expreso de: "dar por bueno firme grato estable e valedero todo cuanto por el dicho Padre fray bionisio Perez Tudelano en razon de lo susodicho fuere hecho é otorgado y que contra ello ni parte dello no iremos ni vendremos agora ni en tiempo alguno, por ninguna causa razon ni excesión que sea o pueda ser..."


O acordo quedaría reflectido nun documento redactado ao efecto por Fernando de Barral, escriba público do mosteiro de Sobrado e propietario da audiencia e da súa xurisdición, "para ello aprobado por mandado del Rey dn. Felipe" (o rei Felipe II, 1556-98), actuando como testemuñas Francisco de Namea, Tomé Fernández, Gregorio Izquierdo, o abade, o prior e catro dos freires asistentes a aquela congregación.

Esta carta de poder e procuración estaba motivada polo conflito de intereses suscitado pola diverxente interpretación do contido dos foros subscritos por ámbolos dous mosteiros e os membros da familia Caamaño de Rubiáns, que motivara que os freires interpuxeran un preito na Real Audiencia do Reino de Galicia, asistidos do procurador Alonso Gato, contra don Fernando de Caamaño, dona Juana de Villa (a súa muller) e o párroco de Rubiáns, Gonzalo Villar, reclamándolles os dezmos, melloras realizadas e demais dereitos sobre os coutos de Rates e Vara por teren falecido tódalas voces que figuraban nos contratos-

escrituras asinados entrámbalas dúas partes.

Pola contra, don Fernando de Caamaño, que era tío e titor de don Josepe de Caamaño, morgado da casa de Rubiáns e tamén dos seus irmáns, todos eles menores de idade, segundo se acreditaba na escritura asinada polo escriba de número da vila de Vilagarcía, Marcos de Lage, o día 30 de xullo de 1590 perante o xuíz da xurisdición de Rubiáns, Andrés Fernández, argumentaba que no tocante ao couto e lugares de Rates se tiñan producido os falecementos das voces acordadas, pero consonte co contido dos aforamentos os dous mosteiros estaban obrigados a aboalas melloras realizadas, e no que concernía ao de Vara non se extinguirán ditos dereitos, toda vez que o abade que fora de Sobrado, frei Lorenzo de Alcarte, acrecentáralo a unha nova voz nun novo contrato redactado con don García Rodríguez de Caamaño que fora escriturado coa data do 6 de xaneiro de 1535.


O día 15 de febreiro de 1594 os licenciados don Juan de Ojalora e don Melchor de Teves, xunto co doutor Maineta da Real



Audiencia do Reino de Galicia, ditan a seguinte sentenza: "Fallamos atento los autos e meritos de este proceso que debemos de condenar y condenamos a los dichos menores hijos que fincaron de dn García de Caamaño á que dentro de nueve días que fueren requeridos con la carta executiva de esta sentencia dexten entreguen é restituyan al Abad y convento de Sobrado y San Justo su anexo el lugar de Rates con sus luctuosas mostrencos colleitos jurdicion cebiles é criminal y con su iglesia y todo lo demos á el anexo é perteneciente con frutos é rentas que los dichos bienes é han rentado é podido rentar desde la muerte de bn Garcia de Caamaño, é rentaren hasta la Real restitución y entregaren ya liquidación reservamos para la execucion de esta nuestra sentencia pagando primeramente y ante todas cosas el dicho Abad y convento los perfectos y mejoramientos utiles é necesarios hechos en dicho lugar según que se liquidaren e la carta executoria de esta nuestra sentencia Y en cuanto al lugar de Vara, y lo que a el anexo é perteneciente absolvemos y damos por libres a los dichos menores hijos y

herederos que fincaron de dicho dn. Garcia y por esta nuestra sentencia asilo pronunciamos y mandamos sin costas...”.

Este fallo da Real Audiencia fora considerado aldraxante por entrambas partes e por iso decidiran recorrer en apelación perante a Real Chancelería de Valladolid. Máis tarde, considerando que o fallo do recurso resultaba moi dubidoso e ponderando os altos custos que do mesmo podían derivarse é polo que decidiran retorna-la vía da concordia e da concertación. Mais, por falta de espazo, os termos do convenio acadado entre frei Dionisio Pérez Tudelano e don Fernando de Caamaño e Sotomayor serán obxecto de estudo noutro traballo a publicar no próximo número de *Terra de Outes*.



Efemérides

26 de maio de 1991: O BNG acada dous concelleiros na Corporación Municipal de Outes. O nacionalismo, por vez primeira, ten representación institucional no Concello.

31 DE MAIO DE 1158: A Condesa Dona Sancha González de Traba doa a Santiago a vila de Sabardes.

6 DE XUÑO DE 1928: O Concello contrata un arquitecto para o deseño da Casa Consistorial a ubicar na denominada *Horta da Ponte*.

12 DE XUÑO DE 1852: Aparece o primeiro documento co escudo municipal de Outes.

12 DE XUÑO DE 1855: O Concello investiga un grave desfalco nas contas municipais.

12 DE XUÑO DE 1855: Os veciños de Valadares solicitan o cambio de ubicación da feira que se viña celebrando na parroquia.

12 DE XUÑO DE 1995: Son procesados por prevaricación todos os membros do grupo de Goberno Municipal (PP) de 1989, do Concello de Outes.

17 DE XUÑO DE 1993: O BNG de Outes propón no Concello que se proceda a catalogar os petroglifos aparecidos en Fontemoreira, non prosperando a petición ao votar en contra a maioría absoluta do PP.

17 DE XUÑO DE 1995: Toma posesión da alcaldía de Outes Carlos López Crespo.

18 DE XUÑO DE 1992: O BNG oponse ao despilfarro de cartos do Concello de Outes no Hospital de Ceilán. O tempo veu darlle a razón.

21 DE XUÑO DE 1845: Expediéntase ao alguacil do concello por non cumprir coas súas obrigas e atoparse continuamente empenecado.

23 DE XUÑO DE 1984: Inaugúrase o Pub Tabasco.

23 DE XUÑO DE 1994: Descoñecidos prenden lume á bandeira europea do edificio municipal.

24 DE XUÑO DE 1931: Fúndase en Róo a organización Democracia Club.

28 DE XUÑO DE 1924: Fúndase a Sociedade Protectora de Oficios Varios do Freixo.

30 DE XUÑO DE 1978: Domingos Barreiros Lago, mestre e músico veciño de O Freixo, convértese no primeiro galego licenciado pola UNED de Pontevedra en Filoxía Hispánica.

2 DE XULLO DE 1861: Añón acada un accésit nos Xogos Florais celebrados en A Coruña co poema "A Galicia".

5 DE XULLO DE 1795: Entran por Pedra Serpal os restos de San Campio, que se levarán ata a Igrexa de San Ourense.

6 DE XULLO DE 1989: Falece o mestre Carlos Romero Queiro, fundador da Asociación ADIX.

7 DE XULLO DE 1941: Félix Alconada pide permiso para a instalación dunha sala de cine en O Cunchido.

11 DE XULLO DE 1927: Fúndase a Sociedade de Estibadores de O Freixo.



Talleres
Abelleira

- Mecánica
- Chape
- Pintura
- Reparación de Pezas
- Plásticos y Poliéster
- del Automóvil

Tel: Fax 961 35 09 01
Móvil 619 35 75 59
Rua Arco, 10
15210 OLEA

Maximino Martínez Fernández, sindicalista de Ceilán

Xoán F. García Suárez

Dentro dun ambiente político moi tenso, o día 14 de xullo de 1936, o dirixente dereitista José Calvo Sotelo morre a tiros logo de ser secuestrado por un comando anarquista, como resposta e vinganza polo asasinato por parte da Falanxe do garda de asalto José Castillo.

O 17 de xullo o Xeneral Francisco Franco inicia en Melilla o denominado *Alzamiento Nacional* contra o lexítimo Goberno da República.

Comezaba a Guerra Civil Española, produto dunha conspiración golpista que xa se viña tramando desde tempo atrás.

Na nosa comarca, ao igual que en todo o Estado, vanse vivir días de grande tensión protagonizada polas forzas políticas que apoiaron a sublevación militar, por unha banda, e polas organizacións fieis á República e defensoras do sistema democrático, pola outra. A resistencia á sublevación militar vai ser protagonizada polas organizacións democráticas e os movementos sindicais, e moi especialmente polos mineiros de Lousame, pertencentes á CNT, que acoden a Noia o 18 de xullo para organizarse.

Logo de protagonizar algunhas accións de loita en apoio á República, o día 20 un grupo con perto dun cento de milicianos diríxense a Santiago, e un día despois están presentes nos acontecementos da Coruña, defendendo o Goberno Civil. As forzas fascistas obrigan aos mineiros a desistir e inician o retorno. As noticias que chegaban á comarca sobre o desenvolvemento dos acontecementos non eran nada boas para os republicanos, o que fai que se organice unha fuxida deseñada polas autoridades democráticas da zona. Logo de que Noia sufrise o impacto de varias bombas franquistas, o día 26 de xullo, un cento de persoas da comarca, entre as que se atopaban destacados dirixentes políticos e sindicais, despídense das súas familias. Sería, para moitos deles, a derradeira vez que estarían cos seus. O seu obxectivo é chegar a Muros para embarcaren nos buques Santa Eulalia e Santa Rosa, expropiados para a ocasión.

Nese mesmo día 26 as tropas franquistas xa chegan a Noia co obxecto de eliminar a resistencia e declarar a guerra. Iniciábase unha etapa marcada pola intolerancia fascista e a represión sanguinaria na comarca de Muros e Noia.

Nun primeiro momento os barcos navegan sen rumbo fixo ata que, polas noticias da radio, se decataron de que todo o Norte (coa excepción de Galicia) está baixo control republicano. Deste xeito deciden poñer proa a Bilbao, onde atracan o día 28 de xullo.

Neste grupo de persoas atopábase o sindicalista **Maximino Martínez Fernández**, veciño de Punta Ceilán. Este obreiro, dirixente da C.N.T. de Pontenafonso, foi acompañado na súa fuxida por outros dous compañeiros de Outes tamén sindicalistas: *Avelino Freire Pedrosa* e *Manuel Ramos*. Maximino deixaba na súa terra un fillo de tan só tres meses.

Mentras os fuxidos eran atendidos polo Goberno de Euskadi, en Outes, ao igual que no resto da comarca, iniciábase unha terrorífica campaña de represión dirixida, fundamentalmente, pola Falanxe e persoas que apoiaron o levantamento militar. Como exemplo, está o caso doutro dirixente obreiro de Pontenafonso, *Cipriano del Río*, que era detido pola Falanxe e, máis tarde, fusilado en Boisaca; ou o asasinato por parte de falanxistas de *Luis Barrena*, deputado en Cortes por Melilla, cuxo corpo sen vida apareceu nunha cuneta no lugar de A Coviña (O



Foto 1. Retrato de Maximino Martínez. (Foto:ARMH)

Freixo), con dous impactos de bala na cabeza. Estes crimes supoñen un exemplo da barbarie que imprimiron as forzas da dereita. Asasinatos, denuncias, cadea, multas, destellos, malleiras, foron a tónica habitual dentro das prácticas de “limpeza” que o franquismo iniciaba en 1936 ata a morte do propio Franco en 1975.

Maximino Martínez nacera en Punta Ceilán o 6 de agosto de 1909, fillo de Xacobe e Manuela, mariñeiro, era o máis novo de seis irmáns. Pertencente á CNT, era o Presidente do *Sindicato de Campesinos y Oficios Varios de Pontenafonso* no momento do levantamento fascista.

Segundo a testemuña do veciño de Outes Tomás Arcos, *“Maximino chegou á Serra por aquelas datas, quizais o mesmo 18 de xullo, acompañado por mineiros de Lousame e algúns homes da Serra, comandados polo sindicalista Claro Sendón...”* Dician que había que ir defender A Coruña e a República e que se se resistía habería comida para todos... Tiveron acalorados encontros con falanxistas da Serra”. Sen dúbida, estámonos a referir ao intento dos obreiros de organizar a resistencia e atopar apoios na poboación.

Cando chega a Euskadi, Maximino Martínez desprázase a Asturias para incorporarse na Agrupación Confederal Galaica e integrarse no **Batallón Galicia**, dirixido polo Comandante José Moreno Torres. Este grupo de guerrilleiros combateu nos montes de León e Asturias contra o avance das tropas nacionais desde setembro de 1936.

O 20 de outubro de 1937, e diante do control da zona polo bando nacional, o Batallón Galicia decide dirixirse ata A Coruña para, unha vez alí, atopar o apoio necesario para emprender o exilio. Nesa noite, mentres os milicianos pernoctaban perto de A Fonsagrada (Lugo), foron delatados á Falanxe e á Garda Civil.

Na noite do 29 ao 30 de outubro de 1937, uns rapaces son obrigados a cavar unha foxa común, onde uns 15 milicianos galegos foron soterrados, logo de seren torturados e asasinados



Foto 2. Lugar de Punta Ceilán, onde naceu Maximino Martínez. (Foto: XG)

a tiros.

No verán do pasado ano 2007, a Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, organización á cal este país lle ten moito que agradecer, deu conta de once corpos repartidos en dúas foxas, comprobando ademais que dous máis se atopan enterrados no cemiterio da Fonsagrada. No acto de exhumación estivo presente o fillo de Maximino, xunto con outros familiares das outras vítimas.

Nun primeiro momento pensouse que ali estaba o corpo do Tenente Maximino Martínez, pero segundo confirmou o seu fillo Xermán a este autor nun emotivo encontro mantido a finais de abril: *"pensabamos que se atopaba alí polas investigacións que se fixeron, pero non apareceu"*. É posíbel que se atope na localidade de Luarca. A noticia da súa morte foi destacada en 1938 na publicación anarquista *Galicia Libre*, onde se fala do sindicalista como un compañeiro exemplar.

Maximino Martínez Fernández, foi asasinado con outros compañeiros aos 28 anos de idade, deixando un fillo de 17 meses de idade. Unha vítima máis da intolerancia e a barbarie.

O seu fillo só pide xustiza, non vinganza, *"só quero que se faga xustiza, que se poña a cadaquén no seu lugar"*... *matáronos como a cans, sen ningún tipo de defensa, e temos dereito a saber onde está e darlle un enterro digno*". Ao mesmo tempo é crítico coa clase política española: *"gastaron moitos cartos con Garzón en procesar a Pinochet, mentres que para os de aquí, que foron ducias de miles de desaparecidos e asasinados, ningún quere*

saber nada".

En Outes alguén debería explicar por que aínda está colocada unha placa na Igrexa de Entíns, en recordo a varios caídos do bando franquista. Todos os parroquianos son ou foron dese bando, por exemplo? Baixo que lexitimidade se colocou esa placa? A das pistolas? Acaso algunha institución oficial recoñece o franquismo como un réxime lexitimo?

Efectivamente, só hai unha diferenza, que non é o mesmo: mentres que uns defenderon un golpe militar e apoiaron un goberno fascista e represor en case corenta anos, outros, como Maximino, loitaron por defender un Goberno lexitimo e democrático. Estes últimos nunca foron recordados con placa nin con nada, todo o contrario. Os seus cadáveres xacen en foxas comúns, en cunetas, en barrancos, no fondo do mar..., mentres Franco ocupa un lugar de privilexio nunha basilica católica!

Pero si debe quedar en nós a lección da loita pola democracia e a liberdade. É unha cuestión de xustiza e dignidade. Tentar comparar un sistema político co outro non é outra cousa que xustificar o inxustificable. Nun país democrático os fascistas non están lexitimados. Non pasarán.



Foto 3. Placa dos nacionais en Entines.(XG)



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

GASTRONOMÍA

FLAN DE COCO

Ingredientes:

- Oito ovos
- Un litro de leite
- 200 gramos de azucre
- 125 gr. de coco e un limón.

Elaboración:

Bater os ovos enteiros co azucre. Engadir o leite e o coco nun recipiente en forma de coroa. Póñense catro culleradas de azucre ao lume e faise o caramelo, unha vez feito engádese un chorriño de limón.

Vértese a mestura no molde e ponse ao baño maría uns 30 ou 45 minutos.

Receita de Elvira López (profesora do IES Poeta Añón)




Cousiñas

É ben triste e custa asumilo, pero a verdade é que o nivel de integración e interés cultural dos veciños de Outes, salvo cousiñas illadas, é bastante mediocre. Sen máis, remítome ás pasadas xornadas adicadas a Fco. Añón, "case nada este personaxe"; había de caer noutro concello???, pois a asistencia durante eses días foron sempre as mesmas caras. Pódese entender que hai prioridades, a xornada laboral, o día a día..., pero non ter nin o máis mínimo interese por coñecer algo novo na vida do noso ilustre poeta... é una peniña... Quedan incluídas as autoridades pertinentes, que terían que dar exemplo, que algo sempre queda...??? Somos dos que opinamos que igual foi moi excesiva toda una semana, con dous ou tres días sería de abondo, tal vez desta maneira poidamos atraer maior público e facer algo máis amenas as próximas actividades. Destes pequenos erros procurárase aprender para un futuro, damos fe. Seguimos sen entender como non foi máis xente, pois había tantos puntos de vista distintos, tantos temas e enfoques diferentes, pero todos referidos á súa vida e obra, que realmente parece mentira que non atraera o tema de por si. Nunca se pode pensar nada... porque salta a sorpresa... Vaia Concello e as súas xentes...? Dende este recuncho que nos dispensa a revista gustaríanos chamar a atención da xuventude de Outes a participar na mesma, con iniciativas, as que eles vexan axeitadas, por outro lado, a xente algo máis metida en idade, con tempo libre e tanto que ensinar. Unha oportunidade?? Áí a tendes.

Lusco e Fusco

HUMOR

A SACHADORA TEXTOS: JAIR DRES, DEBUXOS: X. MARINHO



Unha merecida homenaxe: Xosé María Álvarez Blázquez

Ramón Blanco

Naceu o 4 de febreiro de 1915 en Tui, onde cursou os estudos primarios e o bacharelato. Ademais desta vila, a súa infancia e mocidade tiveron como marco a aldea de Baión, en Vilanova de Arousa, onde a familia tiña unha casa na que veraneaba.

Descendente e ascendente de escritores e artistas, con só doce anos xa escribe poemas e aos quince xa empeza a publicar en xornais de Tui e Pontevedra. Nesta cidade realizará estudos de Maxisterio entre 1931 e 1934, e tamén é aquí onde publica en 1932 o primeiro libro, unha colección de poemas titulada *Abril*, en castelán. Nestes anos da república e do auxo do galeguismo, trata moito a Alexandre Bóveda, do cal era curmán político, e en 1933 ingresou nas Mocidades do Partido Galeguista. Animado por Bóveda, organiza en Pontevedra un acto conmemorativo no que intervén co discurso *Berro en lembranza dos herois de Carral*. E aínda nesta cidade tivo o mérito de ser un dos editores da excelente revista literaria bilingüe *Cristal*, da que se publicaron dez números, entre 1932 e 1933. No segundo número desta publicación aparecerá o primeiro poema en galego deste autor, e nada menos que dedicado a un paxaro: "O merlo poeta".

Chegado 1935 obtén destino como mestre na escola de nenos da Guarda. En 1936 ingresa no Partido Galeguista e rematara o libro de relatos *Os ruíns*, que ficará sen publicarse por mor da guerra civil, xa que ía saír na editora Nós de Ánxel Casal, con tan triste fin como a súa empresa. Tamén trunhou a guerra os estudos de Filosofía e Letras que viña de iniciar X. M. Álvarez Blázquez. E a súa familia sufriu moito as consecuencias do conflito: fusilaron a seu pai, o médico tudense Dario Álvarez Limeses ("o médico dos pobres"); fusilaron a Alexandre Bóveda (de quen Xosé María escribirá en 1982 unha sentida biografía, encargada por uns banqueiros que non chegaron a distribuíla, seguro que descontentos por comprobar que Bóveda era máis ca un brillante economista; velaí outra represión, e xa na democracia); seu tío Xosé Álvarez Limeses morreu literalmente de pena despois de despedirse do propio Bóveda; o seu irmán maior, Dario, sufriu cárcere e represión; outro irmán, Celso, morre da tuberculose contraída na guerra... A nai e os que quedan da familia, fartos de padecer as humillacións dos asasinados de Tui, marchan para Vigo en 1941. A Xosé María sancionano e destérrano á escola de Coreses, en Zamora, pero non pode tomar posesión do cargo, ao ter que servir no Hospital Militar de Santiago.

Acabada a prestación militar, incorpórase á dita escola de Coreses, pero abandona a docencia en 1942. Reencóntrase coa familia en Vigo, e monta cos irmáns unha telleira en Nigrán, que funcionará até 1945. Empeza a traballar como secretario na confraría de pescadores de Vigo. Ese mesmo ano coñece a María Luísa Cáccamo Friben, con quen casa ao ano seguinte. Terán seis fillos.

Os anos corenta e cincuenta foron un período fértil na súa produción literaria. Révelase como eficiente novelista en castelán: *El Crimen de la Isla Verde* (1941), *En el pueblo hay caras nuevas* (1945, finalista da 1ª edición do premio "Nadal"), *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955), *Crece en las aguas* (1956, premio "Galdós de novela" en 1955). En 1947 estrea dúas obras teatrais, en colaboración co seu irmán Emilio: *El zapato de cristal* e *Los Pazos altivos*. Tamén en 1949 publica con Emilio o libro conxunto *Poemas de ti e de min*, que será un dos primeiros poemarios en galego da posguerra. En 1952 publicou en Galaxia unha excelente escolma da poesía medieval galego-portuguesa e ao ano seguinte a broma literaria *Cancioeiro de Monfero*, poemas escritos por el imitando a lírica medieval e que presentou como se fosen auténticos poemas medievais, co conseguinte engano da crítica máis especializada. A outra grande antoloxía que publica é a dedicada á poesía galega dos "Séculos Escuros", en 1959. O que está considerado o seu mellor poemario, *Canle Segredo*, obtivo en 1954 o premio Pondal do Centro Gallego de Buenos Aires, pero non se editou até 1976, co cal non tivo repercusión na poesía galega que se estaba a facer nos anos cincuenta, e na que quizais tivese influído de ser

publicado no seu contexto orixinal.


En 1948 fundou, con Viñas Cortegoso, a Librería Anticuaria Monterrey, que ao pouco tempo ampliará a súa actividade ao mundo editorial. Nesta nova editora publica en 1950 o poemario *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa primeira filla, familiarmente coñecida como "Colorín", que morrerá vinte anos despois.

Tamén foi moi importante a súa faceta como historiador e arqueólogo, xa que en 1949 foi nomeado Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo, e en 1952 escavará o famoso Castro da cidade. Débense a el varios importantes achádegos arqueolóxicos e tamén foi o fundador da Sección de Arqueoloxía do Museo de Castrelos en 1959. O seu interese pola historia en xeral, e pola historia viguesa en particular, queda patente por exemplo no libro *Vigo en su historia* (1980) ou na sección diaria que tivo no ano 1956 en *Faro de Vigo*, baixo o título "La Ciudad y los Días", un orixinal e documentadísimo calendario histórico que presentou en formato libro en 1960. Tamén neste ano publica nese xornal "Datos para la biografía del poeta Añón", traballo cuxa importancia acredita o feito de que obtivese o premio "Ramón Mourente". En 1976 será nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo.

E nos anos cincuenta algúns traballos seus foron radiados no "Galician programme" da BBC de Londres.

En 1962 é elixido membro numerario da R.A.G., da cal era correspondente desde 1949, e nela ingresa en 1964 co discurso "Cantares e romances vellos prosificados". O ano anterior fundara, cos seus irmáns, Edicións Castrelos, que inician coa colección "Cuadernos de Arte Gallego". En 1966 trasladouse a Oviedo como representante de vendas de peixe conxelado (para Pescanova), pero volve para Vigo ao enfermarse de morte a filla en 1967. Ao ano seguinte consegue traballo como profesor de Humanística no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo, e aí xubilárase en 1983. Daquela especialízase como editor e crea dentro das Edicións Castrelos as coleccións *Pombal* e *O Moucho*, sendo esta última especialmente exitosa, popularizando o libro galego (ao reeditar *O Catecismo do Labrego*, de Lamas Carvajal, vendeu máis de 70.000 exemplares). Na mesma colección publicou en 1971 o seu libro de relatos *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*. Tamén foi esta editorial pioneira no uso da impresión serigráfica en Galiza (ademais das capas dos libros na factura de autocoloantes reivindicativos do galego), xa que o seu irmán Álvaro creara o obradoiro Serigrafía Galega, co que mesmo colaborou Urbano Lugrís. Mais ao final, por desgaste vital, Xosé María acaba por venderlle os fondos da editora a Galaxia en 1979.

O corazón, xa cansado, falloulle para sempre en Vigo o 2 de marzo de 1985. Na UCI do Hospital Xeral de Vigo comparaba os pitidos dunha máquina á que estaba conectado outro paciente cos rechouchos dos paxaros na primavera (mil primaveras máis), talvez escoitando os rechouchos daquel xa lonxano "merlo poeta" ou da máis próxima "pega rabilonga"... e outras historias de tesouros.



A Asoc. de Empresarios

Cales Son os obxectivos da Asociación de Empresarios de Outes?

A Asociación de Empresarios e Profesionais de Outes ten, dende que accedemos ó cargo a actual directiva, unha soa premisa: a de ser dinámica; conseguir facer cousas para os nosos socios en tódolos aspectos que se poida. Así saíron as campañas de promoción do comercio e a hostelería, a “Feira do Motor en Outes”, cursos, charlas, etc. Pero principalmente estamos a incidir na axuda á implantación do uso das novas tecnoloxías nas nosas empresas; comezamos por elaborar unha páxina web propia para a Asociación e realizámoslles unha web totalmente gratis a 30 dos nosos socios, labor que continuaremos este ano; así como a adecuación de 10 das páxinas web dos nosos socios á implantación do comercio electrónico.

Goza de boa saúde a Asociación?

Nunha resposta “á galega” podo dicir que a nosa Asociación vai tirando, traballando a paso lento, pero sempre procurando non estancarse. É moi difícil levar unha asociación onde os proxectos corren a cargo de tres ou catro persoas que teñen que dispor do seu tempo de lecer, restándollelo ás súas familias, e outras veces mesmo quitándolle tempo ás súas empresas para adicarllelo ós demais. Xente que traballa para a Asociación por vocación, por coraxe, porque alguén ten que facelo... Non podemos pedirlle máis á Asociación nin á xente que traballa desinteresadamente para ela.

Os asociados, colaboran o suficiente?

Estamos a vivir o chamado “mundo da globalización”, onde a unión das pequenas empresas faise máis ca necesaria para poder competir coas grandes empresas foráneas. Malia isto, a xente parece non darse conta das vantaxes que ten esta unión, nin da importancia da realización de proxectos conxuntos. A pesar do interese que poñemos dende a Asociación, a verdade é que o principal inconveniente para a realización dos mesmos case sempre é a colaboración das empresas afectadas. Pero este é un problema de individualismo da sociedade en xeral, non só dos empresarios nin tampouco dos outenses. É un aspecto que dende a administración tamén deberían mirar e procurar axudar a inculcar nos empresarios o espírito do asociacionismo ofrecendo máis vantaxes ás empresas que pertencen a algunha asociación empresarial, dándolles importancia e colaborando máis se cabe coas patronais locais e comarcais que teñen como obxectivo a mellora do tecido empresarial do noso país.

¿Como son as vosas relacións coa Federación do Barbanza? ¿Tendes proxectos en común?

A relación que nos une coa Federación de Empresarios do Barbanza si goza de moi boa saúde, de feito ante a falta de recursos propios para contratar persoal para atender a nosa oficina, a FEB cedeunos unha administrativa que corre cos labores de atención ó público e execución de proxectos. En conxunto coa FEB realizamos cada ano unha campaña de promoción comercial de Nadal onde se reparten 50.000 € en premios, a gala dos Dolmen de Ouro onde se galardoa ás empresas máis representativas do ano na comarca, e ademais, aportamos as nosas ideas e experiencias para trasladar ás distintas administracións as nosas inxerencias.

Entrevista con Marcos Romero

Marcos Romero Martínez é o Presidente da Asociación de Empresarios de Outes. Aos seus 34 anos xa leva catro desempeñando o cargo. Este xove empresario da construción reconece a febleza industrial do noso Concello pero ve nel moitas posibilidades de futuro.

O noso Concello non se caracteriza por ter un tecido empresarial forte. A que cres que se debe?

Un dos problemas que ten o noso concello, o do espallamento poboacional, fai que non haxa unha grande concentración de persoas nun só núcleo principal, o que aumenta as dúbidas dos posibles empresarios a establecer a súa empresa aquí, sobre todo se falamos do sector do comercio. Por outro lado, a ausencia de infraestruturas (principalmente dunha zona para uso industrial e duns viais de comunicación axeitados) é o lastre que fai que Outes non despegue empresarialmente en sectores coma a construción ou a industria.

Aínda así, temos moitas empresas punteiras, como a carpintería de ribeira ou relacionadas co sector da construción (construcións metálicas, carpintería de aluminio, etc.).

Que medidas pensas que serían eficaces para impulsar as empresas?

Axudas, bonificacións tributarias...

Un empresario o único que necesita é que non se lle poñan atrancos ó seu traballo; que poida atopar unha ubicación para a súa empresa, que dispoña dunhas boas comunicacións coas grandes cidades, que poida ter acceso

ás novas comunicacións, etc. En definitiva, que poida traballar en igualdade de condicións que as empresas doutros concellos e doutros países. As axudas económicas das administracións nunca van ser a solución para impulsar o tecido empresarial nin do noso pobo nin do noso país, só son, como o seu propio nome indica, unha axuda, ás veces un estímulo, e ás veces tamén un premio ó labor ben feito. Non obstante, penso que onde si deben incidir e axudar as administracións é na relación dos empresarios coas entidades bancarias, porque todo é moi doado cando a economía vai ben, pero cando as cousas non van tan ben (estase a ver perfectamente nestes momentos) os bancos non fan máis que poñer atrancos ás empresas que pretenden medrar.

Unha infraestrutura polémica: o viaduto. Prexudicará



ou beneficiará ao Concello? Contribuirá quizais a un illamento?

No seu debido momento a directiva da Asociación de Empresarios estimou conveniente a realización dunha asemblea extraordinaria para tratar este tema, e a conclusión foi que os nosos socios cren que a realización do viaduto de Ribademar vai ter unha repercusión negativa sobre a economía do noso pobo. Nembargantes, somos conscientes de que non se pode poñer trabas ó avance e mellora das infraestruturas da comarca, pero tamén é certo que outras redes viarias da comarca con moita máis necesidade de amaño están aí paradas; a circunvalación de Noia, as estradas de comunicación de Outes co interior, etc. Penso que dende as administracións deberían tratar de elaborar un plan de actuación dependendo sobre todo do nivel de urxencia das obras e non facer obras illadas que supoñan pequenas melloras.

Tamén deberían ter en conta esa lei non escrita de "unha de cal e outra de area" para saber compensar a un pobo tan desatendido como Outes no referente ás infraestruturas e ampliar (por exemplo) a obra do viaduto con outras melloras que recaian en favor da xente do noso concello.

Como ves ti, en xeral, o futuro do noso concello?

Outes ten moitas posibilidades empresariais de futuro, sempre e cando se dean as condicións para a creación de novas empresas locais, para a instalación de empresas foráneas, e para a expansión das empresas

existentes. É evidente que ningunha industria se vai establecer en Outes se non hai solo industrial, e incluso algunhas empresas terán que tomar a dura decisión de irse do noso concello se as administracións, tanto a local coma a autonómica non fan os deberes. Esperemos que chegue cedo a dotación de solo industrial, o arranxo das vías de comunicación, a mellora dos servizos básicos, etc. Polo demais, temos praia, temos zonas virxes, aloxamentos, empresas de renome no sector da construción, unha boa situación estratéxica, e sobre todo moitos empresarios e emprendedores válidos con gañas de facer algo e de facelo en Outes.

Con pouca que sexa a axuda de fóra, co noso esforzo OUTES TEN FUTURO.



O turismo

O turismo, e nomeadamente o turismo rural, "está de moda en Outes". Ves aquí posibilidades de cara ó futuro?

O Concello de Outes ten un enorme potencial turístico, pola súa privilexiada situación xeográfica e sobre todo porque é un concello que ten moito espazo virxe, libre de contaminación urbanística. Pero este potencial non está sendo aproveitado ata o de agora polo descoñecemento que existe del. Eu sempre dixen que Outes é a grande descoñecida da nosa comarca. Moi pouca xente de fóra do noso concello sabe da existencia do paseo fluvial, ou das sendas verdes de Rates, etc. Incluso entre os nosos propios veciños hai bastante descoñecemento das posibilidades turísticas que temos. Faltan principalmente a información e a publicidade. Logo hai outros aspectos como a conservación das sendas, praias, paseos, pistas deportivas, etc., que tampouco están á altura do que sería ideal para o seu aproveitamento, e outros moitos factores que se deben mellorar. Pero no que se refire a posibilidades turísticas, hospedaxe, restauración, actividades de tempo libre e deportivas, rutas paisaxísticas etc., somos un concello moi válido en canto a oferta turística.

E no que respecta ao turismo?

Tamén estamos a levar a cabo o proxecto "Turismo de Outes", onde pretendemos facer unha plataforma turística que vai dende a realización dun estudo sobre os roteiros existentes, a creación doutros novos, a realización dunha Central de reservas turísticas, etc. O obxectivo é outro: ofrecerlle ós potenciais visitantes a posibilidade de contratar a través da rede o aloxamento, unha ruta a cabalo, unha sesión de masaxe, unha excursión polo concello, unha reserva para cear, etc. Ademais, a páxina web deste proxecto tamén vai contar con mapas informativos da situación das sendas verdes e roteiros, as pistas deportivas, os hostais, casas de turismo rural, monumentos e lugares de interese paisaxístico ou histórico, etc. Sobre todo buscamos ofrecer información ó posible turista e publicidade para as nosas empresas.



Podemos salvar a Ría? (II)

Xesús do Río da Torre

Na primeira parte desta serie de artigos tratei de pór de manifesto os que considero que son os principais problemas que ameazan a Ría de Muros e Noia ou que xa levan tempo causándolle dano: a falta de depuración das augas residuais, as obras públicas destrutivas, o "urbanismo depredador", un "Plan acuícola" insustentable, o deterioro dos ríos, a sobreexplotación marisqueira e pesqueira da ría, o descoñecemento científico do mar dende un punto de vista ambiental, o cambio climático, a insuficiencia de protección legal... Penso agora, nesta segunda parte e sucesivas, en describir máis polo miúdo estes problemas.

Para comezar suave, talvez o tema máis pacífico sexa o da falta de depuración de augas residuais, feito este que, polo menos en canto á súa necesidade, crea un elevado grao de consenso ao ser recoñecida por todos a importancia de desenvolver sistemas de depuración para frear o vertido directo á ría e aos ríos, pero este alto consenso na intención choca despois coa realidade práctica na que estes sistemas se desenvolven. Na ría de Muros e Noia só existen depuradoras en Outes e en Noia, cun funcionamento moi precario, que só absorbe unha fracción moi reducida das augas residuais que se verten ao ecosistema. As causas están tanto na insuficiencia do saneamento (aínda hoxe existen numerosas emisións sen control non conectadas á rede) como no deficiente sistema de conducción de fluídos que aínda presenta unha reducida separación entre augas residuais e augas pluviais, e a isto hai que sumar o custo económico que supón o mantemento das depuradoras, custo que podería semellar elevado, pero que se fai reducido se temos en conta cantidade de beneficios, tamén económicos, que este investimento pode ocasionar derivados dunha maior calidade das augas. Tense avanzado neste ámbito, xa hai un acordo entre Xunta e concellos neste aspecto, pero o camiño a andar é aínda moi longo, como demostra a práctica: fan falta máis depuradoras na ría, ademais pouca auga residual chega ás que xa existen e dentro das que existen depúrase só unha parte reducida da auga

que lles chega.

Máis polémico é o tema das obras públicas destrutivas que causan danos irreversibles no entorno e no cauce dos ríos e da ría. Moitas veces é esgrimida tanto polas autoridades como por algúns partidarios destas actuacións a suposta "utilidade pública" que estas obras reportan, que xustificaría o dano que causan, pero deixando atrás este simplicismo, vemos como en moitos casos non existe un verdadeiro interese público neste tipo de actuacións, é máis, o interese público, que tamén consiste na



Foto 1: Ría de Muros-Noia. Foto: Noelia Gil Riomaio (IES Poeta Añón).

conservación do medio, vese seriamente afectado sen unha contrapartida clara. Un claro expoñente disto é a agresión que constitúen os paseos marítimos e fluviais. Hoxe son numerosos os expertos que alertan sobre a destrución que este tipo de obras causan, a aniquilación dunha vexetación rica e peculiar, a invasión de hábitats de reprodución de aves e anfibios, os vertidos á auga que estas obras conlevan coa diminución da calidade das mesmas... Pasear é unha actividade moi saudable, pero pódese camiñar moitos quilómetros, incluso construír

JOSEMA
Seguros

Av. Compostela N.º 12 - Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

Meson
O' Candil

C/ José Antonio
Teléf. 981 85 03 79

SERRA da OUTS

paseos, sen necesidade de actuacións tan lesivas en lugares privilexiados dende o punto de vista ambiental, e o paseo que bordea o río Tines é un exemplo palmario de malfacer, de desfeita ecolóxica.

Antes xa houbo outras obras públicas ou privadas que tiveron un efecto tremendo sobre o entorno da ría: nos anos 50 inaugurouse a central eléctrica do Tambre; o río e a ría nunca volveron ser iguais, un triste punto de inflexión na riqueza natural que se pode mostrar con dous exemplos concretos: especies noutrora moi abundantes como o prezado salmón natural e a lamprea desapareceron do Tambre, atrás quedaban para sempre as abundantes capturas de lamprea, que deran lugar á construción das pesqueiras, curiosas trampas para o saboroso ciclóstomo que hoxe están en ruínas no Tambre, mentres se seguen utilizando no Miño ou no Ulla, e que foran instaladas nalgún momento por determinar entre a época romana e a Alta Idade Media. En relación ao salmón, dende o ano 2005 os pescadores e científicos observan un curioso fenómeno no Tambre, como é a aparición de salmóns orixinarios do río Ulla e que, tras a súa viaxe ao mar logo retornan por erro ao Tambre, tal como demostra a análise xenética, utilizando chips e microsatélites, publicada na *Journal of Fish Biology*. Esta confusión non provocou lamentablemente polo de agora un asentamento de poboacións de salmóns no Tambre, pois a presa hidroeléctrica segue impedindo o remonte do río. No ano 1956 ninguén podía explicar publicamente o custo importante que a central ía ter para todos, hoxe semella que avanzamos en liberdade de expresión pero non así en conciencia medio ambiental, nin avanzamos na defensa do interese público por parte do poder político e nalgúns aspectos incluso semella que imos para atrás. Os artífices daquela presa podían pór noutro lado da balanza os aspectos positivos que podería conlevar e estarían máis ou menos equivocados, o problema aparece cando hoxe os artífices do viaduto de Ribademar non saben, nin poden, nin queren explicar o por qué non se levan a cabo outras alternativas mellores e nin sequera

son quen de formular a clásica disxuntiva entre medio ambiente e progreso; aínda hoxe está por explicar o por qué a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes decide acometer un proxecto devastador como o do viaduto en Ribademar, sen que se valorasen outras alternativas que melloraban as comunicacións e non terían ese efecto tremendo; o tempo, cando xa sexa tarde, daranos a razón: esa obra é unha atrocidade.

Pero non todo remata nos paseos e no viaduto, logo que expliquen cál é a suposta utilidade dos recheos que se están a facer no mar e que destrúen para sempre os riquísimos fondos da ría, como a ampliación de portos deportivos, talvez non estaría de máis a publicación dun vídeo que ensine un antes e un despois dos recheos sobre o fondo desta marabillosa ría que nos empeñamos en matar, ¿valería iso para que algúns deixasen de enxalzar as hipotéticas virtudes do seu falso progreso?

Na execución das obras públicas bótase en falta a existencia dun órgano ambiental independente que controle minimamente a actuación da Administración, polo demais son papel mollado todos os informes que poida emitir a Consellería de Medio Ambiente ou o Ministerio de Medio Ambiente; xa que a mesma Administración que fai unha obra “auto-outórgase” permiso que carece do máis elemental sentido do control e só se limita a xustificar as actuacións que se fagan, a maquillar os posibles problemas, cando non directamente a ocultalos, a isto hai que sumar a insuficiencia de zonas protexidas e a ampla marxe de actuación que se deixa en zonas como a Rede Natura, onde só se esixe un estudo previo de impacto ambiental, farsa absoluta na que as administracións fan ese paripé autoxustificativo que carece do máis mínimo rigor. Nese contexto só queda o posible recurso a unha vía xudicial lenta, pesada, cara e arriscada e para iso só nos casos en que se produza unha manifesta infracción da legalidade, que como digo é moi pouco restritiva neste aspecto e permítelle aos políticos facer case de todo en materia de medio ambiente.

Foto 2: Pesqueira de lamprea en ruínas nunha das canles do río Tambre



Señora Flora

Soledad Agra

Teño fotos tiradas diante de min. Esta música non deixa de lembrarme a ti. Díxenche unha tarde, cando aínda aparecías para tomar café naquel baixo con cadeiras de vimbio, que volvía porque botaba en falta os espertares á túa beira.

Non lembro que meses pasaban daquela. O sol arrincaba reflexos máxicos da louza que se amoreaba no fregadeiro, dos cinzeiros cheos de cigarros que nunca se acababan de fumar, das risas, dese xesto da túa boca e, sobre todo, das nosas olladas entre todas as voces, porque iso foi, non deixa de ser, algo que aínda nos une hoxe.

Lembras?, non nos citabamos nunca directamente, só agardabamos a que todos se fosen despedindo e quedabamos sentados diante de cuncas baleiras e faragullas de pan, sen escusas para separarnos, sen querer facelo. Erguíámonos, postos de acordo sen necesidade de verbas, e deixabamos que pasasen as tardes sen pensar en antes nin en despois. E chegaba a noite quente, de esmorga, saírmos con todos para rematar sos. Ata que me levabas á casa por unha rúa que sempre dixeran que non recoñecía e que acababa, sen remedio, na túa cama. Durante meses, sen querer buscar palabras coas que definilo, sen explicacións. Só agora tentamos ás veces buscarlle sentido entre vaciles e reproches ditos a medias, xa demasiado tarde.

Non sei que buscaba en ti, nin que esperabas de min. Con todo era naqueles días, mentres marchabas no coche cara o traballo e eu camiñaba ata a miña cama baleira para descansar da noite de vixilia, despois aínda de dar os bos días aos que se erguían; cando botaba de menos espertar ao teu carón e inventar contos tristes que che axudasen a erguerse.

Se cadra a nosa historia foi como a de moitos, lembro oírche dicir que era vulgar, aínda que... non, agora lembro mellor; referíaste daquela á miña historia sen ti. Pregúntome como cualificaches o noso, supoño que non foi nada cotián, decateime tarde de que só coas historias vulgares se pode chegar a tocar a felicidade; coa nosa só conseguín gastar papeis recordándote, como dicía Silvio na canción. Aínda así, non podo esquecer en noites como esta aquel conto que ía deixando caer no teu oído mentres te despegabas con desgana do sono.

Entre raios de sol que chegaban apenas a rachar a escuridade da habitación eu describía os longos camiños que separaban as leiras do meu lugar. Tentaba meterte nos corros das veciñas latricando, facerche sentir o cheiro da herba recién gadañada e da terra quente, e sobre todo, quería que viras, como eu vía, á Señora Flora, camiñando sen descanso coas súas inseparables botas de goma e toda aquela roupa vella que colgaba en farrapos do seu corpo miúdo, para que puideses entender a súa historia, porque a dela tampouco foi unha historia vulgar, e polo tanto tampouco chegou a ser unha historia feliz.

A señora Flora andaría polos 85 anos cando eu reparei nela. Víaa camiñando por calquera das corredoiras da parroquia a calquera hora do día, e tiña atopado mesmo de noite. Achegábase ás veces ata a taberna da aldea cunha bolsiña de plástico na man. Souben despois que tiña o costume de mercar ovos e galletas todos os días, carrexábaos ata a casoupa na que vivía a poucos quilómetros e volvía por máis ata a taberna; pero a taberneira, cansa de non cobrar dos herdeiros da vella,

botouna. Axente do lugar non falaba doutra cousa:

- Pobre vella, comentaban, todo o día andando dun lado noutro sen descansar, chova ou quente o sol.

- Ata de noite a teñen visto, sempre andando, con esas botas de goma que xa lle deben ter os pés esfolados.

- Miña pobre, ela nunca foi boa, pero agora de vella a súa xente había de ter algún dó dela.

- Din que ten a casa tan deixada, que ata hai galiñas mortas pola cociña.

- Desde logo, ter fillos para acabar así!

Estes e moitos máis eran os comentarios que corrían polo lugar, pero a historia da señora Flora empezara dun xeito moi diferente.

Abriches os ollos, totalmente esperto, buscando respostas, pero o espertador soou por segunda vez e non houbo tempo para máis. Non nos vimos ata a semana seguinte, e aquela noite tiveches por primeira vez unha escusa para pedirme que quedara, querías saber como remataba o conto. Eu sorrín.

A velliña da que che falei a outra noite veu do Brasil cos pais, sendo nena. Volvían enfermos da emigración coas catro fillas e unha boa morea de cartos. Un ou dous anos despois as rapazas quedaron orfas ao coidado dunha tía vella, unha irmá solteira da nai. Pasaron os anos da súa nenez pechadas na casa por mor do loito, e xa mozas cada unha deu conta dos seus 15 mil pesos da herdanza como ben entendeu.

Estrela gardounos no banco, e alí seguen 60 anos despois, que aínda que nunca tivo de sobra, nunca quixo botar man deles por se chegaban tempos peores. Tareixa comprou unha casa con moita horta preto da igrexa da parroquia. Amadora púxoos de dote para casar cun rico da aldea veciña; e Flora, que herdara tamén da nai a fermosura e o bo porte, comprou cos cartos panos bordados para os ombreiros, brinquedos de orella, saias de dous voos, e todos os enfeites que calquera moza do tempo puidera soñar, e percorreu acompañada polos mellores e máis ricos mozos da comarca, tódalas romarías de sona. Non reparou en cartos nin en faladurías, divertíuse con uns e con outros ata que, pasada a xuventude e con pouco dote que ofrecer, desapareceron todos os bos partidos que antes lle falaran de casamento, e só quedou Mateu para facerlle as beiras.

Mateu non era rico, pero si traballador, sabía de ferreiro e tamén facía zocos e sombreiros cos que sempre sacaba para ir xuntando algo na feira de Noia ou de Santa Comba, pero, aínda que non era feo, o home que amaba a Flora era coxo da perna dereita, que lla collera un carro de cabalos cando neno. Aínda así casaron. Máis os costumes non se van tan logo, e ela, afeitada a músicas e bailes, acabou cos aforros do home aproveitando as súas saídas ás feiras. Foron moitos os contos que correran daquela, toda a parroquia e arredores falaba do pasmón do Mateu, que non vía que a súa muller se divertía a conta dos seus traballos. Pero non era certo, Mateu sabía, pero o amor facíalle calar.

Pasaron os anos e viñeron os fillos, e estes medraron e chamounos a emigración. Flora e Mateu volveron quedar sos algúns anos, ata que un dos fillos volveu. Eu non sei moi ben como foi, nin como deixou de ser, disque non se levaba ben co

pai, o certo é que colleu a nai e levouna canda el para coidar dos netos e ela ("mala muller, que o home nunca se debe deixar, por moi fillos que sexan os que che mandan") levoulle da casa ata a pota do leite, ou iso din.

Flora, a señora Flora xa, fíxose vella, medraron os netos e xa non precisaban coidados, xa se sabe que os vellos se fan malos de aturar, así que tivo que volver á casa co seu home.

Mateu queríalle, diso estou certa, pero non foi quen de perdoarlle aquel desprezo, así que, perdendo el, deixoulle a casa na que vivía, que fora a do matrimonio, e alugou un cuarto na dunha veciña, á que lle pagaba para que o coidara.

E así viven, rematei eu o conto, el nunha e ela noutra, os dous soños no mesmo lugar.

Mentres ti abrías os ollos para ver porque calara e eu te ollaba agardando que dixeras algo, non puiden deixar de pensar naquela muller que eu vía camiñar dende a ventá do meu cuarto. A historia, tal como se conta, sempre é demasiado sinxela. Que había na cabeza de Flora cando camiñaba baixo o sol?

"Vixiaba entre as contras a medio pechar o teu paseo de cada día, desexando que te achegases ata a miña porta. O meu corazón agardábase sempre a piques de saltar, Mateu, e ata que o teu corpo se perdía no camiño non deixaba que as bágoas esvarasen pola miña cara. Sei que che fixen moito mal, sei ben que nunca me entendiches e, aínda así, me quixeches, mais eu tamén te quixen, sempre, tanto. Só sinto que nunca te puidese amar.

Búscote sen acougo, preciso os teus ollos e as túas mans, só podo lembrar o día que me fun, a miña cara agoniada, o meu desprezo ao mirarte, sempre fuches un covarde, por iso te deixei. Debías seguirme. Sempre pensei que virías, aínda que eu che dixen que non te quería ver máis, sempre pensei que virías.

Fixente dano, verdade? Non debín ser tan dura; ás veces non me decato da túa fragilidade. Agardeite sempre, pensei que acabaría vindo; ben, non sempre. Aquela noite vin nos teus ollos tanta tristura. A música do gaiteiro quedou pendurada no ar. Do home co que bailaba só podía sentir as mans nas miñas costas e aqueles beizos que se movían sen son ata abafarme; todo o demais parara. Entrei nos teus ollos e vin a tristura valente da túa voz que soou no meu pensamento sen que dixeses nada: "terás que camiñar moito para volver a min, porque eu non darei xa máis o primeiro paso..."

Terás que camiñar! terás que camiñar! terás que... e entón púxenme a andar, ben, non daquela, non entendín os teus ollos ata hai ben pouco; primeiro foise a xuventude e con ela as festas mudaron, volveron os fillos da emigración e leváronme os netos. Ti queríaslles, seino, pero contigo non contaron. Non foron bos fillos, non.... E logo, cando os meus ollos cansaron e con eles as miñas forzas, cando xa non lles fun útil, decidiron cambiar de casa, pero sen min.

Non lembro xa nada diso, ou xa non me doe cando o lembro, pero non podo esquecer os teus ollos naquela noite de foliada, preciso das túas mans protexendo o meu medo, e camiñarei ata atoparte, aínda que o camiño sexa longo e non me leve nunca máis alá da túa porta, meu señor..."

As nosas noites e os nosos bicos remataron aquel inverno, o mesmo que o camiño sen fin da señora Flora.

Lecturas recomendadas

ANXOS SUMAI

ASÍ NACEN AS BALEAS

Premio de Narrativa Breve

Repsol YPF-2007

Editorial Galaxia. Vigo, 2007



En 1970 mamá e papá casaron. Quedan moi poucas fotos daquela voda; só se conservan as que mamá quixo que perdurasen e que permanecen xusto no lugar onde ella as deixou: dentro dunha caixa, dentro dun chineiro, dentro dun comedor case sempre en penumbra....

Este é o comezo de *Así nacen as baleas*, a historia dunha moza que volve dende Novo México á casa dos pais, en calquera vila galega. É a historia dun retorno, da volta á casa da Nai, dos tíos, da familia que nacera xa co seu destino deseñado, e que se conforma vivindo con el. Con ese retorno comeza a novela, onde a protagonista, a Nena, nos fai chegar ós recordos dunha infancia difícil, onde o pai os abandona, dunha relación de loita continua coa Nai, de ausencia total de amor por parte desa Nai que perdeu o seu destino.

As protagonistas principais non teñen nome, son a Nai e a Nena. A ausencia de identidade, de nomes para identificalas, aumenta a sensación de distancia entre as dúas mulleres, achéganos aínda máis á dureza no trato entre nai e filla. Outros protagonistas son o tío Cándido, irmán da Nai, un home que se conforma con que a vida pase sen máis; Natalia, a muller de Cándido, que intermedia na relación estéril entre Nai e Nena, e que ten como prioridade unha vida acomodada; Felisa, a aia para quen a pequena era o seu desexo secreto; e o irmán da Nena: Ramón. Ramón é un rapaz metido no corpo dun home que proporciona todo o ambiente de seguridade, amor, ledicia, bondade, que sempre lle foi negado á Nena, que consegue desafogar o ambiente hostil que describe a novela, polo que o personaxe se converte en delicioso para o lector. Esceas cheas de humor compoñen o capítulo "Un corazón de catrocentos kilos", no que relata os primeiros recordos de infancia, entre xogos e mostras de cariño:

Alí, naquel espazo cheo de luz, rompían todas as normas que os enfaixaban na rixida, estrita vida diaria na cidade onde cumpría manter a orde custase o que custase. Alí, sen a vixilancia perpetua de Felisa ou da Nai, Ramón e a meniña metíanse na auga e xogaban a ser peixes e oucas, a tocárense sen a enfermiza mirada da aia que os acusaba de pecadentos por querérense tanto, por acariñárense nos lugares máis agochados...

Así nacen as baleas é unha lectura que oprime, que crea un ambiente de agobio, pero que na última parte logra abrirse transmitindo á fin sentimentos de liberación e alivio.

Lidia Vicente

lv127f@gmail.com

Os hórreos de San Lourenzo (II)

Xoán X. Mariño

Diciamos no anterior número que na parroquia de S. Lourenzo hai un total de 49 hórreos tradicionais, dos que 17 son de pedra, 4 de madeira, e os 28 restantes mixtos. E dentro de cada unha destas categorías hai diversas variedades, unhas con máis exemplos ca outras.

a) Hórreos de pedra: Dentro desta categoría hai tres tipos; hórreos de cachotería, perpiaños e cantería.

- Os máis abundantes son os de *cachotería*, aqueles que foron construídos con pedras irregulares, aplanadas e pequeno tamaño, reservándose as de maior tamaño e un pouco máis regulares para os soportes e as grades sobre as que descansan as paredes, mentres que a cantería de maior perfección se limita ó marco da porta, os aleiros, as sobrepenas e os remates. Dos 10 que hai deste tipo, tres deles atópanse en Lourido, formando, xunto con outro de tipo perpiaño, unha das máis importantes concentracións de hórreos de todo o municipio (ver foto 1) e o resto están todos en Mastontán.



Foto 1. Agrupación de hórreos en Lourido.

- Os hórreos *perpiaños* son menos numerosos, pois só hai cinco en total, pero están construídos con mellor aparello: pedras máis regulares e de maior tamaño, aínda que non están traballadas por todas as caras, a diferenza dos de cantería. Dous deles áchanse en Mastontán, entre o que se encontra o máis grande de toda a parroquia: o hórreo de Chirlo, cos seus máis de 10 metros e medio de longo (ver foto 2); os tres restantes atópanse en Lourido e un deles, o de Carmen González, é, dos de todo S. Lourenzo, o que se



Foto 2. Hórreo de Chirlo. Mastontán.

levanta sobre un maior número de soportes (oito pares de pés oitavados).

- Os de *cantería* constitúen o grupo máis reducido, con só dous exemplares, un en Mastontán e outro no Pedrolo. Este último, chamado hórreo do Chino (ver foto 3), leva gravada a data de 1912 sobre a porta e, ademais de ser un dos dous únicos que se levantan sobre cepas, é, de toda a parroquia, o que está construído coa máis perfecta sillería.

b) Hórreos de madeira: Os que teñen a cámara realizada integramente con balagustros de madeira (os soportes, loxicamente dos de pedra), forman tamén un grupo moi reducido de só catro exemplos, dos cales dous son dun só tramo e outros dous son de dous tramos.

- Os dous primeiros están un en Mastontán e o outro en A Torre, coñecido como hórreo de Consuelo, está bastante mellor conservado (ver foto 4).



Foto 3. Hórreo do Chino. Pedrolo.

- Os dous que teñen a cámara de dous tramos atópanse no Barco e na Famelga respectivamente, o

maior antigüidade coñecida dos desta parroquia, aínda que ademais de perder un dos catro tramos que orixinalmente tiña, tamén veu como un dos seus penais era substituído por unha parede de cemento; e o hórreo de María Muñiz, en O Barco, que non só se conserva moi ben, senón que tamén é un dos poucos nesta parroquia que se ergue sobre cepas (ver *Terra de Outes* nº 2).

- Os cinco hórreos que forman o terceiro grupo están repartidos entre A Famelga (3) e Barco (2), sendo o de José A. Lago, que se atopa á dereita do camiño principal que cruza este último lugar de norte a sur, o mellor deles, tanto polas súas harmónicas proporcións, como polos pináculos que flanquean as cruces sobre pedestal que lle serven de remates e lle dan un carácter máis decorativo e fermoso (ver foto 6).

- O último é o único exemplar de cinco tramos que hai na parroquia, trátase do hórreo do Candexo e está na Famelga (ver *Terra de Outes* nº 2), levantándose sobre seis pares de pés oitavados con moas semiesféricas, agás a terceira do lado suroeste, que é unha capa rectangular que serve de plataforma para acceder á porta que se abre no tramo central, onde tamén se interrompen as sobregrades sobre as que se axustan as doelas de madeira que conforman as paredes costais desta construción que, a pesar do cemento que recobre a parte superior das columnas que articulan os cinco pousos de que consta, segue facendo gala de gran prestanza.



Foto 4. Hórreo de Consuelo. A Torre.



Foto 5. Hórreo de Pitolán. Barco.



Foto 6. Hórreo de José Antonio. Barco.

Se queres colaborar con esta publicación,
mándanos o teu escrito
(máximo unha carilla ou ben 2500 caracteres)
ao seguinte enderezo:
A.C.C. Terra de Outes
Local Social de Outes
15239 OUTES

UNHA FOTO HISTÓRICA (II)

Quico Vidal

Dese curso, no que tivo lugar o encontro deportivo ao que me referín no anterior número (ver *Terra de Outes* nº 2), quero lembrar agora un dos mestres dos que están naquela foto : D. Manuel Otero (foto 1), quen, para ensinarnos o que era a Política e a Democracia que había pouco se instaurara no noso país, propuxera unha actividade escolar que, para min, foi unha cousa das máis interesantes que fixemos no colexio. Dita actividade consistía en organizar unhas eleccións “xerais”, con partidos políticos, mitins, votacións, recuento de votos, e reparto de escaños. O primeiro, constituíronse dous partidos, dividindo a clase de oitavo en dous grupos: un grupo, no que estaba eu, formou o PPDO “partido popular de oitavo” e outro o PFDO “partido feminista de oitavo”, no que só militaba un home, o resto eran mulleres. O censo estaría formado polos alumnos de toda a segunda etapa da EXB. Ao pouco da idea, os de sétimo curso tamén crearon o seu partido, que era o PLDS “partido liberal de sétimo” e máis tarde, parte dos membros no PPDO abandonaron a formación por problemas internos, para constituír o PIDO “partido independente de oitavo”. Na comunicación pública desta separación alegáronse causas non exactamente verdadeiras... En definitiva, competían catro partidos e iniciouse a campaña electoral.

Como sétimo era un grupo moito máis numeroso que os de oitavo, os partidos de oitavo puxerámonos de acordo para atacar o PLDS conxuntamente no mitin (os mitins facíanse no polideportivo), co que eliminamos a posibilidade de vitoria destes (as enquisas indicaban que gañaría o PLDS). Teño que confesar que houbo conversas entre o PPDO e o único membro masculino do PFDO na busca dalgo que puidese non ser moi democrático, pero, o que non teña pecado, que tire a primeira pedra.

Foi unha experiencia moi enriquecedora, pois ensinaba como era a vida mesma: competencia desleal, intentos de transfuguismo e espionaxe, disidencias e pelexas internas na organización...

Como non podía ser doutra maneira, acabaron gañando as mulleres (foto 2). De 10 escaños posibles o PFDO sacou cinco, o PPDO sacou 2 (quedáramos a dous votos de sacar 3), o PLDS outros 2 e o PIDO 1.

Conclusión: Elas, sen estar naquela foto e, polo tanto, sen xogar o partido, acabaron sendo as vencedoras. ¿A que me recorda isto?



FOTO 1: Manolo Otero.



FOTO 2: Arriba, de esquerda a dereita: Elvira Núñez, Manuela Paz e Esther de Mastontán. Abaixo: Manuela Campos.



**MOTONÁUTICA
MOLINOS**

Rúa Vista Negra, s/n - 1ªª Ax. Bº - 36 01 61
- 5230 TERRA DE OÜTES (A Coruña)
e-mail: motomolinos@hotmail.com

UNICELLIPS • WOTOS • FORABORDOS • MOTOES • ULTRALIG • DOPIS • CORTACAPAS



Claudio Castro Carbia

ALKI MAQ

Avda. del Rocio nº 17
42300 Outes
A Coruña

Tel. + 981 950 978
Fax + 981 950 978
Telco. + 981 449 659

Añón na lembranza de Álvarez Blázquez

Ramón Blanco

“Bien se comprende que en la maleta del escritor hubiese poco espacio para los papeles, a los que -según se cuenta- no siempre trasladaba las estrofas que le dictaba su fácil imaginación. Si una mano amiga no los apuntaba, los versos de Añón nacían y se quedaban en la misma luminosa fragilidad que una pompa de jabón”. (X. M^a. Á. B.)

Cando buscabamos algún dato perdido nos nosos papeis de Añón, viñemos dar casualmente cunhas notas manuscritas por nós mesmos, a présa, hai tres anos, tentando dispoñer a estrutura do libro que publicamos con Pilar Sampedro e Santiago Nieto sobre o poeta. Nada teñen de particular ditas notas máis ca o feito de demostraren a resistencia que temos a tirar papeis escritos, a nosa querencia polo papel impreso, quizais preludio e síntoma aínda controlado, por agora, da síndrome de Dióxenes (afortunadamente selectiva, pois estes vellos papeis máis ca cheirar arrecenden, aínda que moitos dos libros conteñían directamente lixo). Mais o que fai que tan insignificante achádego ou reencontro teña cabida nesta sección, e no precioso tempo das pacientes lectoras, non son estas caligrafías funxíbeis no anverso de catro follas grampadas, senón precisamente o contido no reverso das mesmas. Quérese dicir, que querendo aproveitar o papel, escribimos as notas a man pola volta dunhas follas impresas co que parecen ser actividades didácticas para traballar nas escolas o libro *Roseira do teu mencer*, de Xosé María Álvarez Blázquez. Isto é, antes de traelo ao panteón dos nosos mortos ilustres, alguén xa se preocupara de levar a súa obra ás aulas, como ten que ser. Desde logo non fomos nós os autores deste breve e rudimentario caderno didáctico de catro páxinas, e sospeitamos que se non é Pilar Sampedro a autora, igual pertencía a ela esta copia que amabelmente nos cedería unha tarde de domingo interminábel na casa de Santiago Nieto, para que puidésemos garabatear o noso plano de ordenación do libro (*Sic*). Non podemos esquecer que foi Doña Pili quen primeiro nos ensinou a maxia de ler nunha clase dunha hora semanal en sexto de E.X.B. fermosamente denominada “Lectura”. Pois esta feliz casualidade é a que fixo que nos parecese oportuno dedicarlle unhas liñas a lembrar a recuperación que quen este ano homenaxeamos co Día das Letras Galegas fixo da figura do noso benquerido poeta. Aí lles vai.

Debemos empezar dicindo que, alentado por Alexandre Bóveda, un novísimo Xosé María Álvarez Blázquez organizou en 1934 un acto de homenaxe aos Mártires de Carral, sempre presentes como ratificación ou refutación nas biografías que se fixeron do de Boel, que cando menos si foi espectador naquel Santiago de ferro e lume de 1846. Así o recordaba o organizador: “Fixemos un sinxelo acto. Falei eu. Foi unha arenga xuvenil, endereitada aos mozos, moi ateigada de emoción, moi cativa na forma. Tituleina “Berro en lembranza dos herois de Carral” e publicouse nun folleto que facía o número 1 das “Publicacións da Federación de Mocidades Galeguistas””. Este interese polos provincialistas era un bo precedente para o que viría despois.

Lembrará algunha das nosas lectoras que en anteriores artigos especulabamos sobre a xa de por si especulación referente a unha breve etapa na que Añón fose libreiro de vello. Pois, outra vez a casualidade, quen si foi de certo libreiro anticuario foi Álvarez Blázquez, quen en 1948 fundou, con Viñas Cortegoso, a Librería Anticuaria Monterrey, que pouco máis tarde daría nome á primeira editorial que dirixiu. Pois este traballo na librería, dadas as súas características, foille moi útil nas súas procuras de escritos en galego dos coñecidos como “Séculos Escuros” e “Pre-Rexurdimento”,



temas sobre os que publicou moito, pero menos do que aínda tiña pensado. Por iso non debe estrañarnos que anos despois sexa autor do traballo máis importante e rigoroso que se fixera desde a morte de Añón até que a Real Academia Galega se acordase del, e aínda cremos que influíu decisivamente o peso de Álvarez Blázquez en que este acordo fose ben cedo, xa que se lle dedican as Letras Galegas xa en 1966, o cuarto homenaxeado despois de Rosalía, Castelao e Pondal respectivamente, e mesmo un ano antes de Curros (outro gran valedor da memoria do outense). Estamos a referirnos ao traballo “Datos para la biografía del poeta Añón”, que pola súa importancia e calidade obtería o premio “Ramón Mourente”. Este estudo foi publicado no xornal *Faro de Vigo* os días 16 e 22 de marzo de 1960 en senllos artigos. No primeiro artigo, titulado “1. Esquema biográfico” fornécense datos que tentan poñer en claro varias cuestións da súa vida grazas a unha máis fiábel documentación, e no segundo, “II. Sus poesías en portugués”, abórdase esta faceta até entón practicamente descoñecida, e desde entón digna de xusta consideración.

En 1966, cando lle dedica as Letras Galegas, a R.A.G. publica as súas *Poesías Galegas*, libro “acolledor da súa máis característica obra poética e dos estudos máis sinificativos encol dela e da vida do autor”. Como non podía ser menos, o limiar asínao Xosé María Álvarez Blázquez. Ademais, un dos traballos incluídos, como non, é o xa referido do *Faro de Vigo*, aínda que desta vez se modifica o nome do primeiro artigo, pasando a ser “I. ALGUNAS EFEMÉRIDES”, ademais de darse como data de publicación o día 19-III-60, en vez do 16. Por certo, neste artigo dicíase: “Las presentes notas son un avance de estudio más demorado y ambicioso, en torno a la vida y la obra de Francisco Añón, que, Dios mediante, un día no lejano hemos de intentar”. E no que dedica aos poemas portugueses: “Quede para otra ocasión el estudio de nuevos aspectos, hasta hoy desconocidos de la obra y la vida de Francisco Añón Paz”. Pero ben se ve que todo quedou no intento, aínda que de sobra meritório.

Uns anos máis tarde, en 1973, cando publica na colección “O Moucho”, a escolma de epigramas galegos titulada *Sal e Pementa*, inclúe do de Boel os seguintes: “Indo a misar don Martiño”, “Ó saltar este regueiro” e “ANTE A TORRE DE HÉRCULES”.

Quen nos fala sobradamente do interese e coñecemento de Álvarez Blázquez da vida e obra do poeta é unha vez máis Bel Ortega. De feito, inicia así os agradecementos cando publica a súa tese doutoral: “O meu primeiro agradecemento é para o finado D. Xosé M^a. Álvarez Blázquez”. E é que non se pode esquecer que a el se lle debe que chegase a nós moito do material añoniano, grazas ao

traballo de compilación e catalogación que fixo. Así o relata Bel: “Nos Fondos da Fundación Penzol de Vigo residen un feixe de manuscritos autógrafos e apógrafos, que conteñen poesías e algunha carta de Añón, en moitos casos inéditas” (*a continuación explica a historia destes manuscritos*) “O fillo deste matrimonio [refírese ao formado polo sobriño-primo Eduardo Campos Añón e Josefa Ramos], Gerardo Campos Ramos (Vigo, 1885 – 11-IX-1964) herdou ditos manuscritos que entregou, en proba de amizade, a D. Xosé Mª Álvarez Blázquez, xuntamente cun tomo das Poesías de Añón editadas na «Biblioteca de La Concordia», complementada cun caderno, que contiña algunhas poesías manuscritas. No ano 1968 Álvarez Blázquez, vendeu tódolos manuscritos menos un (o que contén a poesía «Exposición de las putas de Madrid al Gobierno») á Fundación Penzol”. O propio Fernando Bel presenta un apéndice coa fotocopia dos fondos que figuran nesa fundación, catalogados por Álvarez Blázquez. Vemos pois que non foi un interese á lixeira, senón que lle dedicou boa parte do seu tempo á revalorización e coñecemento do poeta, así como á conservación física do seu legado.

Queremos acabar coas palabras que lle serviran a Álvarez Blázquez para abrir o limiar daquel libro editado pola R.A.G. en 1966, pois aquel Día das Letras Galegas podería ser tamén unha homenaxe en vida a estoutro que homenaxeamos no 2008, en premio á súa labor divulgativa e revalorizadora: “Francisco Añón Paz, o bardo de Boel, aquí que un día foi petrucio venerado das Letras Galegas, estános a pedir, dende o recanto escuro de seu esquencimento, o don dunha lembranza”. Se cadra aquel verso que dicía “Ti serás miña doce memoria” era un envío para Xosé María. Quén sabe.

Novos Artistas

Este mural, elaborado polos alumnos da escola dos Cruceiros, foi o gañador, na categoría infantil, do certame de pintura convocado pola A.C.C. “Terra de Outes” en abril de 2008 para conmemorar o 130 aniversario da morte de Francisco Añón.

Título:
A Leiteira.

Autoría:

Nenos e nenas de educación infantil da escola de Cruceiros (S. Ourense).

Artigo de Xosé Mª Álvarez

